

## Á MESA DA COMISIÓN 6.<sup>a</sup>

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei doc. núm. 39639, do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coas intencións de Alcoa de pechar as súas factorías da Coruña e de Avilés, incluída na orde do día da sesión que esta Comisión vai celebrar o vindeiro 21 de xaneiro (10/PNC-003184)

### **Emenda nº 1 de supresión**

Débense suprimir os puntos 1, 2, 5 e 12 da parte resolutiva.

### **Emenda nº 2 de modificación**

Débense modificar os seguintes puntos da PNL quedando redactados da seguinte maneira:

3.- Creación dunha mesa con todas as partes implicadas para que, no espazo de tempo de 5 meses, xestione e controle un proceso co obxectivo principal da continuidade e viabilidade das plantas de Avilés e A Coruña.

4. Instar aos Ministerio de Industria e Transición Ecolóxica a preparar e establecer, no período plantexado no punto 3 de 5 meses, unha nova regulación enerxética (Estatuto das empresas electrointensivas) similar a de outros países europeos, que faga viables esta o outras industrias electrointensivas.

8.- Instar aos Ministerio de Industria e Transición Ecolóxica a execución inmediata e completa da partida orzamentaria de 2018 de 150 M€, xa convocada, para mellorar a viabilidade da industria electrointensiva. Do mesmo xeito





modificar a partida orzamentaria dos Orzamentos do Estado de 2019 23 425A 471 do Ministerio para a Transición Ecolóxica, mantendo como mínimo o mesmo orzamento de 150 M€ que no ano 2018.

9.- Instar aos Ministerio de Industria e Transición Ecolóxica que tanto as compensacións mencionadas no apartado anterior como as novas e replantexadas poxas de interrumpibilidade futuras, se diferencien en varias categorías de empresas en función do impacto que os custos do subministro eléctrico ten nos seus custos totais de produción. Isto evitará que compitan empresas nas que a compensación é imprescindible para a súa viabilidade e outras para as que só é unha axuda para o seu desenvolvemento pero non tan crítica para a súa supervivencia.

10.- Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica a estudar a modificación, no menor espazo de tempo posible, da regulación do sector eléctrico para facer competitiva a toda a industria e conseguir a baixada do recibo da luz nos fogares. A primeira medida sacar a produción hidráulica, eólica e nuclear das poxas diarias de enerxía e obrigar a que sexa vendida a longo prazo con prezos xustos e estables. Así mesmo permitirse a contratación bilateral física entre produtores e grandes consumidores como Alcoa.

11.- En caso de que Alcoa insista na súa intención de pechar as factorías de A Coruña e Avilés máis alá do 30 de xuño de 2019 e non se atopara un novo inversor que garantira a produción e o 100% dos postos de traballo, o Goberno do Estado garantirá a súa pervivencia asumindo a xestión da mesma a través da SEPI polo tempo necesario para atopar o mencionado novo inversor.





### Emenda nº 3 de Adición

Débase engadir un novo punto ao final da parte resolutiva co seguinte texto:

O Estado e a Xunta de Galicia supervisarán e farán un seguimento, en colaboración coa empresa e a parte social, das actuacións que realice ALCOA para garantir o estado de mantemento e mellora das cubas de electrólises para a súa posible reactivación, xa sexa polo novo inversor ou pola SEPI, o 1 de xullo de 2019.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 17/01/2019 14:43:07**





**Luis Villares Naveira na data 17/01/2019 14:43:17**



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Marta Nóvoa Iglesias, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario de En Marea** 39639 (10/PNC-003184) sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coas intencións de Alcoa de pechar as súas factorías da Coruña e de Avilés

## Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento galego insta ao Goberno do Estado a que, en colaboración coa Xunta de Galicia, o Goberno do Principado de Asturias e os sindicatos asinantes do Acordo entre os representantes legais dos traballadores a Alcoa, realicen os esforzos necesarios para levar a cabo as seguintes actuacións:

- Buscar, identificar e captar investidores industriais que engadan valor e poidan iniciar a súa actividade nas instalacións existentes en A Coruña e Avilés antes do 30 de xuño de 2019. Para iso, activarán tamén os instrumentos públicos de apoio ao investimento e de acompañamento ao investidor.
- Promover medidas de política industrial que contribúan ao mantemento das capacidades industriais e laborais en ambas zonas en pro dun desenvolvemento económico sostible.
- Que estas actuación teñan como obxectivo principal garantir a continuidade do emprego en ambas plantas, así como o seu impacto indirecto.
- Desenvolver, neste mesmo período de tempo, o Real Decreto Lei 20/2018, de 7 de decembro, para garantir un marco enerxético estable, predicible e competitivo para a industria electrointensiva.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2019



**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 18/01/2019 14:38:10**

**Marta Novoa Iglesias na data 18/01/2019 14:38:37**



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Marta Nóvoa Iglesias, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **10/PNC-003248 (40224)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para garantir o mantemento dos centros productivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia

## Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento galego insta ao Goberno do Estado a que, en colaboración coa Xunta de Galicia, o Goberno do Principado de Asturias e os sindicatos asinantes do Acordo entre os representantes legais dos traballadores a Alcoa, realicen os esforzos necesarios para levar a cabo as seguintes actuacións:

- Buscar, identificar e captar investidores industriais que engadan valor e poidan iniciar a súa actividade nas instalacións existentes en A Coruña e Avilés antes do 30 de xuño de 2019. Para iso, activarán tamén os instrumentos públicos de apoio ao investimento e de acompañamento ao investidor.
- Promover medidas de política industrial que contribúan ao mantemento das capacidades industriais e laborais en ambas zonas en pro dun desenvolvemento económico sostible.
- Que estas actuación teñan como obxectivo principal garantir a continuidade do emprego en ambas plantas, así como o seu impacto indirecto.
- Desenvolver, neste mesmo período de tempo, o Real Decreto Lei 20/2018, de 7 de decembro, para garantir un marco enerxético estable, predicible e competitivo para a industria electrointensiva.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2019





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/01/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 44135**  
Data envío: 18/01/2019 14:42:20.081

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 18/01/2019 14:40:07**

**Marta Novoa Iglesias na data 18/01/2019 14:40:33**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: REXISTRO-KJTJGwNLC-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado **Gonzalo Trénor López**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario de En Marea **10/PNC-003217 (39973)**, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Ministerio de Industria e Turismo en relación coa situación na que se atopa a empresa Isowat Made, do grupo Invertaresa, asentada no polígono de Agrela, na Coruña.

### Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a seguir coas actuacións que leva a cabo desde o comezo da situación complexa que atravesamos na cidade da Coruña encamiñadas a busca de solucións viables que faciliten o mantemento dos postos de traballo asociados e dean continuidade ás achegas tecnolóxicas que fai a empresa”.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 18/01/2019 17:45:59**

**Gonzalo Trénor López na data 18/01/2019 17:46:13**

